

Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Novembro 2005 COMUNICADO

En novembro de 2005, e por terceiro mes consecutivo, o prezo do leite presentou un elevado descenso con respecto ao mesmo mes do ano anterior

O prezo do leite percibido polos gandeiros descendeu en novembro de 2005 un 0,5% en relación ao mes anterior

O prezo percibido polos gandeiros polo leite en novembro de 2005, que se situou en 29,8 euros por cen litros, descendeu un 0,5% con respecto ao prezo de outubro. Se a serie se corrixe de estacionalidade a variación relativa sobre o mes anterior sitúase no -1,0%. Con respecto ao prezo de novembro de 2004 a variación foi dun -7,6%, descensos similar ao dos dous meses anteriores. En termos de datos corrixidos de estacionalidade a variación interanual foi dun -7,3%.

Atendendo ás compoñentes do prezo, foron as primas as que contribuíron ao descenso do prezo total xa que diminuíron un 4,8% en novembro con respecto a outubro. O prezo base aumentou con respecto a setembro un 0,5%. Con respecto a novembro de 2004, descenden tanto o prezo base (9,2%) como as primas (1,1%).

O prezo do leite descendeu en Lugo e Ourense e aumentou en A Coruña e Pontevedra en novembro de 2005 con respecto a outubro de 2005

Tendo en conta a información provincial, o prezo do leite descendeu en Lugo e Ourense e aumentou en A Coruña e Pontevedra en novembro de 2005 con respecto a outubro. O maior descenso produciuse en Lugo, un 1,9%, seguida de Ourense cun 1,1%. En A Coruña creceu un 0,8% e en Pontevedra un 0,2%. As taxas interanuais de novembro foron negativas en tódalas provincias.


Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Novembro 2005.

	Dato (€100 l)	% variación sobre	
		mes anterior	Mesmo mes ano anterior
<i>Prezos do leite</i>			
Prezo total	29,8	-0,5%	-7,6%
Prezo base	24,0	0,5%	-9,2%
Total primas	5,7	-4,8%	-1,1%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Prezo total	28,7	-1,0%	-7,3%
Prezo base	23,7	0,2%	-9,1%

FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras



No seguinte gráfico pódese observar a evolución do prezo do leite total e base dende 1994.



FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es